

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	PETÍN
Edificio	Igrexa de Santa María de Mones
Dirección	Camiño de Abaixo, 5. 32370
	42.370520 -7.096371
Protección	
Descrición	<p>A igrexa de Santa María de Mones, coñecida como "a nai de sete igrexas", é das máis importantes da comarca de Valdeorras, xa que nos seus arquivos inscribíanse nacementos e defuncións doutras parroquias, como Arnado (Vilamartín de Valdeorras).</p> <p>O templo ten planta de cruz latina. O teito está cuberto cun artesoado de madeira decorado con pinturas policromadas en branco, negro e vermello. Antigamente o chan estaba empedrado con grandes lousas, pero na actualidade é de madeira. Nos grosos muros hai fiestras moi abucinadas, estreitas no exterior e anchas no interior. Na parede dereita, xunto a sancristía, había un mural pintado de negro e vermello que foi tapado ao cubrir con cemento as paredes de granito.</p> <p>O campanario foi en orixe unha torre construída para vixiar, á que se accede por unha escaleira de caracol estreita e ventilada por un oco na parede de granito. As súas campás foron louvadas nun poema do petinés Rogelio Díaz.</p> <p>O templo ten dous retablos do século XVIII. O retablo do Cristo está decorado con columnas salomónicas, follas e acios de uva, e o retablo de Santa Lucía con estipes.</p> <p>No exterior, na parede sur, hai uns gravados do xogo do pai fillo nai. Á entrada do camposanto, contra a parede, hai unha cruz antiga.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	MOURE, Xabier / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	30-06-2024

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
--------------	-------	----------	------------------	------------------	------

Espadana	San José	VILLANUEVA SÁENZ, FERNANDO	1960	50	72
Espadana	Santa María	VILLANUEVA SÁENZ, FERNANDO	1960	68	182

Información completa: [Igrexa de Santa María de Mones - PETÍN \(GALICIA\)](#)

PDF (30-06-2026)